

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016**

**A C T A**

Ás 14:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (5):**

Beatriz P. Comendador Rey, Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Disculpa a súa ausencia (1):**

Natalia Caparrini Marín



**ORDE DO DÍA:**

**1. Informe da presidenta:**

Matrícula: a principios de curso deuse de baixa o alumno Kevin carrasco Rodríguez, convocado un novo período de matrícula foi seleccionada para substituílo Ana Isabel Maciñeiras Veiga.

Orzamento: o remanente orzamentario do curso 2015/2016 (debido á imposibilidade de aboarlle a docencia impartida ao profesor asociado Borja Conde) utilizouse para pagar aos profesores Pablo Alonso González, Luis Miguel Pemán Sánchez e Roberto Cabeceira. Para poder realizar a liquidación completa a Facultade de Historia adiantounos 30 € que se lle devolverán en canto sexa posible.

Reunión de egresados/as: Ante a imposibilidade de engrosar a partida de gastos protocolarios para pagar a reunión de egresados/as que se celebrará a finais de xaneiro



2017, chegouse a un acordo coa Facultade de Historia de xeito que o centro mercou un proxector este ano, cuxo custo reembolsará ao mestrado o próximo.

A reunión de egresados consistirá nun acto formal con entrega de diplomas e un obsequio institucional (bolsa co logo do mestrado ou libreta), unha posible conferencia, unha reunión para tratar, entre outros temas, da visibilización a través da web de *curricula* e TFMs, e para finalizar unha comida organizada polo alumnado.

Informe de seguimento: actualizouse a web co currículo e tipo de contrato dos docentes; segue pendente a inclusión de información dos egresados do mestrado: ficha co perfil, resumo do TFM e, no caso daqueles que o autoricen, un enlace ao propio traballo.

Web do mestrado: segue activa a web vella á espera de que os servizos da UVigo poidan redirixila á nova. Ante a protesta de profesorado da ESCRBCGA transmitida por Álvaro Arizaga, porque na web do mestrado seguía aparecendo a escola, a coordinadora explica que unicamente aparece como centro cofundador do mestrado na introdución.

Índice de satisfacción do alumnado: na publicación do índice de satisfacción do alumnado publicado polo *Faro de Vigo* o noso mestrado aparece entre os 10 mellores da UVigo.

Mobilidade internacional: A coordinadora informa dos contactos iniciados cos responsables do Mestrado de Patrimonio, Artes E Turismo Cultural da Escola Superior de Educação do Politécnico do Porto para propiciar a mobilidade internacional do noso alumnado. Propoñen desprazarse durante o mes de decembro a Ourense para manter unha reunión.



## **2. Aprobación se procede das actas das sesións do 11/07/2016 e 21/09/2016.**

Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 11/07/2016 e 21/09/2016.

## **3. Aprobación, se procede, das modificacións no calendario de elaboración e defensa do TFM do curso 2016/17.**

Aprobáronse por asentemento as modificacións no calendario de elaboración e defensa do TFM do curso 2016/17 (ANEXO 1).

A nova data oficial da convocatoria adiantada será o 26 de xaneiro de 2017. Solicitaron ler o TFM nesta convocatoria tres estudantes: Laura Domínguez Álvarez, M<sup>a</sup> Sol Rojo Vázquez e Sergio Pereira Ibáñez.



**4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunais de TFM do curso 2016/2017.**

Apróbase por asentemento a proposta de tribunais de TFM 2016/2017 (ANEXO 2).

Queda pendente saber cal actuará en xaneiro.

**5. Aprobación, se procede, dos recoñecementos de créditos solicitados na primeira quenda do curso 2016/2017.**

Apróbanse por asentemento os recoñecementos de créditos solicitados por M<sup>a</sup> Carmen Hevia Carnero e Javier Gámez Sánchez.

**6. Aprobación, se procede, do listado provisional de asignación de centros de prácticas do curso 2016/2017.**



Apróbase por asentemento o listado provisional de asignación de centros de prácticas do curso 2016/2017 (ANEXO 3).

**7. Discusión sobre borrador de recursos de profesorado do máster.**

O informe de profesorado elaborado para adxuntar ao informe da titulación, pon de manifesto unha preocupante diminución do número de docentes do mestrado. Perdéronse seis profesores da Escola de Conservación e Restauración (Álvaro Arizaga Castro, Cristina Montojo Santos, Fernando Carrera Ramírez, Inmaculada Santiago Cendán, Antón Pereira Abonjo e Araceli Torres Fernández), tres profesores da Escola de Minas (Pedro Arias Sánchez, Higinio González Jorge e Joaquín Martínez Sánchez) e tres externos (Luis Xulio Carballo Arceo, Alberte Reboreda Carreira e Uxía Aguiar Ballesteros).

Esta caída no número de profesores revela un empobrecemento importante, sobre todo en determinadas categorías e na vinculación do profesorado a institucións e empresas alleas á UVigo, e crea un grave problema de recursos humanos para a dirección de TFM, dado que neste curso hai 30 estudantes matriculados por 15 profesores operativos no mestrado.

Respecto a norma segundo a que só poden dirixir TFM profesores da UVigo ou profesores invitados que participen no mestrado, a coordinadora fixo unha consulta á vicerreitoría para aclarar se poden dirixir investigadores doutras institucións pero aínda non recibíu unha resposta definitiva.



## **8. Aprobación, se procede, de propostas para a modificación da memoria da titulación.**

A finais de novembro é necesario ter decidido cal vai ser o futuro do mestrado. Segundo a coordinadora as posibles modificacións son as seguintes:

1.- Remodelación mínima esperando ao 3+2. Eliminar á escola da memoria, recompoñer o módulo 3 con profesorado de empresas ou institucións, sempre que a profesora Teresa Rivas queira seguir coa docencia que tiña (a coordinadora consultou na e está á espera da súa resposta).

2.- Remodelación intermedia: debería buscarse un socio que substitúa á Escola de Restauración e Conservación, por exemplo a Fundación Santa María la Real.

3.- Remodelación completa: variando materias e módulos. Aumentaríase a carga docente das materias do módulo 2 que, en opinión do alumnado, necesitan máis tempo.

A decana da Fac. de Historia considera tamén necesario que se repoñan os dous membros que a CAM perdeu coa saída da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia do mestrado.

A prof<sup>a</sup> Mercedes Solla afirma que a primeira opción é a máis sinxela, pero podería provocar a protesta do profesorado da ECRBCG ao manterse as materias do módulo 3.


A coordinadora Beatriz Comendador resposta que as materias do módulo 3 son difíciles de asumir para o novo profesorado externo.

Finalmente acórdase que os membros da CAM consultarán ao profesorado dos centros que imparten o mestrado para averiguar se existe interese en continuar co mestrado e vontade de asumir responsabilidades.


## **9. Rolda de intervencións.**

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión.



HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACION,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

Ourense, a 15 de novembro de 2016

A Coordinadora

A Secretaria

Asdo. Beatriz Comendador Rey

Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

### DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 14/12/2016.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz

**ANEXO 1:** Modificacións calendario TFM 2016/2017.



Calendario\_TFM<sub>s</sub>\_2  
016\_2017.pdf

**ANEXO 2:** Tribunais TFM 2016/2017



TFM tribunales  
2016\_2017.pdf

**ANEXO 3:** Listado provisional Prácticas 2016/2017



HTCO3\_Practicas\_lis  
tado\_provisional\_20